

ARREDOR DA SEGMENTACIÓN INTRAVERSAL DA COPULATIVA *E* NAS CANTIGAS TROBADORESAS GALEGO-PORTUGUESAS¹

Manuel Ferreiro

Universidade da Coruña
Grupo ILLA (<http://illa.udc.gal>)

A segmentación é, sen dúbida, unha das operacións ecdóticas fundamentais á hora de o editor se enfrontar coas cadeas gráficas dos manuscritos medievais. É por isto que nas cantigas trobadorescas galego-portuguesas a actuación segmentativa condiciona, en grande medida, a lectura e interpretación do texto, feito que lle confire unha importancia e transcendencia á segmentación no proceso editorial.

Noutros traballos xa revisamos problemas xerais da segmentación (Ferreiro 2012 e 2014a), así como a problemática envolvida pola deglutinación de elementos foneticamente reducidos como <é> (Ferreiro 2016) ou <o> e <a>, con funcións diversas (véxase Ferreiro 2014b).

Neste sentido, seguramente é a conxunción copulativa *e* o elemento que con maior facilidade se segmenta no texto das cantigas trobadorescas galego-portuguesas².

1 Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *Edición crítica dixital das cantigas de amor* (FFI2015-63523-P), subsidiado polo “Ministerio de Economía y Competitividad”, a través da “Subdirección General de Proyectos de Investigación”.

2 Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D’Heur (1975: 10-93), coas correccións achegadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración do *Repertorio metrico* de Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido polo mesmo estudioso, e das referencias convencionais dos manuscritos (A, B, V); nas referencias breves é utilizada simplemente a numeración d’heuriana seguida do número de verso (ás veces seguida da referencia aos manuscritos).

Canto á lectura dos manuscritos, utilizamos as edicións facsimilares dos cancioneiros: *Cancioneiro da Ajuda*. Edição Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa, Edições Távola Redonda, 1994; *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991, Lisboa: Biblioteca

No entanto, con frecuencia a segmentación de *e* vai alén da consideración dunha nova unidade lingüística, porque pode ter consecuencias de tipo morfolóxico, por canto condiciona outras formas gramaticais. Isto é o que acontece, por exemplo, con *el* vs. *ele*. Cf. *e, a pesar d'ele, sen o seu grado* vs. *e, a pesar d'el, e sen o seu grado* (1350.11), ou *Por baralbar con el, e por al non* vs. *Por baralbar con ele, por al non* (698.7), conforme deglutinemos ou non unha copulativa. Algo similar acontece, tamén, nunha cantiga de Martin Moxa, onde a segmentación da copulativa anula a aglutinación *eno* e ten consecuencias métricas. Editada inicialmente por Nunes (1972: 296-298), Stegagno Picchio (1968: 128-129 [= LPGA 626-627]) realiza a edición crítica de Moxa e continúa neste caso o texto nunesiano:

882 / 94,12 MartMo [B891/V475], v. 12:

E por esto non leyxey, poys, <a> amar
e sservir bem e fazê-lo melhor;
ca sempr'amor per bem se quer levar,
e o pequeno e o grande e o mayor,
quaes el quer, **eno** seu poder son.

O problema da pasaxe reside na presenza da copulativa inicial do v. 11, efectivamente existente en BV, que dificulta a consideración dese verso como o necesario CD de *levar* (v. 10) e provocaría unha moi irregular sinalefa da conxunción copulativa (**e_o*), ao tempo que condiciona asemade a aglutinación *eno* do v. 12. Coidamos que a solución podería estar na expunción desa anómala copulativa, coa conseguente regularización métrica e sintáctica e, por tanto, coa deglutinación da conxunción no v. 12:

Nacional / Imprensa Nacional – Casa da Moeda, 1982; *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.

Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro & Martínez Pereiro & Tato Fontaña (2007).

E por esto non leixei pois [a] amar
 e servir ben e faze-lo millor,
 ca sempr'amor per ben se quer levar
 o pequeno e o grande e o maior,
 quaes el quer, e no seu poder son:
 pois assi é, semelha-mi razon
 de a servir e seu ben aguardar.

Certamente, existen numerosos contextos en que a aparición da conxunción copulativa *e* por segmentación do elemento final <e> dunha unidade fónica é percibida como optativa porque responde á subxectividade de cada editor/a, aínda que inevitabelmente teña consecuencias de diferente importancia na liña discursiva do texto e achegue, eventualmente, algúns matices expresivos. É por isto que, por veces, é difícil determinar a segmentación (e interpretación) correcta de pasaxes concretas, como se pode comprobar nunha cantiga de Bonifacio de Génova (430 / 23,1 BonGen [A265/B449]), que conta con diferentes propostas. Eis a versión de Piccat (1985: 168 [= LPGP 172]), que realizou a edición crítica deste trobador:

Poys ja entendo que guisada ten
 Amor mha **morte**, **non** pode seer
 que me non **mat'** e **sey** eu hũa ren: / ...

No entanto, unha segmentación alternativa, xa presente en Michaëlis (1990: 522) é tamén perfectamente posíbel e axeitada:

Poys ja entendo que guisada ten
 Amor mia **mort'**, e **non** pode seer
 que me non **mate**, **sei** eu ãa ren: / ...

Por outra parte, a segmentación pode resolver leccións aparentemente erradas ou contraditorias. Nunha pasaxe de

Soairez Somesso (85 / 78,12 JSrzSom [A19/B112], v. 28), a lección manuscrita diverxe entre A e B: <morte non> A, <morte nen> B; perante tal discordancia, Michaëlis, contra o seu criterio, prioriza nesta ocasión B por lle parecer “preferível” (1990: 44 [= LPGP 516]):

e esto me faz defender
de **morte nen** d'outro pavor.

Talvez a editora non tivo presente a segmentación da vogal final de *morte* como a necesaria copulativa que exige o *non* de Ajuda:

e esto me faz defender
de **mort'e non** d'outro pavor.

En calquera caso, debe practicarse unha política editorial coherente no relativo á segmentación (ou non segmentación) de elementos lingüísticos entre textos que presentan unha similar expresión, e moi especialmente entre pasaxes relacionadas. Véxase un primeiro caso de dous textos de Bernal de Bonaval e Pero d'Armea onde a segmentación de un condiciona a do outro, do mesmo xeito que se optásemos pola alternativa editorial de Indini (1978: 109-110 [= LPGP 170-171]) co trobador compostelán (*por Deus, oyde-me: rogar-vos-ey / ...*), tamén o deberíamos facer en Pero d'Armea:

1067 / 22,17 BernBon [B1065/V656], v. 10:
por Deus, oide-**m'e** rogar-vos-ei
que vos non pes de vos eu muit'amar,
[pois que vos non ousou por al rogar].

1082 / 121,12 PArm [B1079/V671], v. 10:
oide-**m'e** rogar-vos-ei
que vos non pes de vos amar,
[ca non sei al tan muit'amar].

Un razoamento similar está por baixo da decisión de non segmentar a copulativa nunha pasaxe dionisina (*trobass*, e *non quis*), vinculada a outra de Estevan Travanca, a pesar de a deglutinación de *e* ser perfectamente posíbel polo contido e, sobre todo, pola sintaxe da pasaxe:

738 / 36,1 EstTrav [B723/V324], v. 5:

pero mi-o eu cuitado vi
e m'el ante muito rogo
que lbi perdoasse, non quix,
e fiz mal porque o non fiz.

1557 / 25,130 Den [B1538], v. 5:

bõa razon mi deu de pran
per que lbi trobasse: non quis,
e fiz mal porque o non fiz.

Así pois, co convencemento da existencia dunha certa ambigüidade textual, ás veces propositada, e de diferentes posibilidades segmentativas no texto transmitido polos manuscritos, e tamén coa sobreposición dunha inevitábel subxectividade do editor, enfrontámonos a numerosos contextos en que é posíbel, recomendábel en bastantes ocasións e necesaria noutras, a segmentación dun elemento articulador tan importante do punto de vista sintáctico como a conxunción copulativa. Na maioría dos casos analizados a seguir³, propomos efectuar unha segmentación copulativa que evite o aparecemento de rupturas abruptas no interior do verso.

1. Nun primeiro grupo, semella recomendábel, pois, a presenza da conxunción copulativa *e* de modo que a liña

3 Entre os múltiples casos que poderíamos aducir en cada capítulo, escollemos aqueles que teñen maior proxección editorial por seren propostos en LPGP a partir dunha edición crítica considerada como de referencia. De calquera xeito, recollemos en cada caso as edicións críticas que non propoñen segmentación e confrontámolas con aquelas outras que practican unha política deglutinadora.

discursiva da cantiga sexa natural e o ritmo elocutivo máis fluído.

25 / 47,16 FerRdzCalh [B51], v. 16⁴:
*macar [m'end'eu quisesse al non
queria o meu coraçõ],*
des quando vos eu vi, senhor,
Deus-lo **sab'**, e nunca cuidei
en me partir de vós ...

238 / 148,9 RoiQuei [A132/B253], v. 12⁵:
e se me por aquest'an desamor,
ajan de seu quen as lo'e enton
nunca lhes por én façan se mal non,
ca non faz a min a minha melhor.

407 / 114,18 PaaiGmzCha [A247], v. 10⁶:
Tan muit'avía mester de saber
trobar mui ben quen por atal senhor
trobar **quisess'e** a mí, pecador,
nunca Deus quisu dar a entender
atal razon qual oj'eu mester ei
pera falar no que sempre cuidei.

572 / 25,101 Den [B555/V158] Den, v. 4⁷:
Que trist'oj'é meu amigo,
amiga, no seu coraçõ,
ca non pode falar migo
nen veer-**m'**, e faz gran razon
meu amigo de trist'andar
pois m'el non vir e lb'eu nembrar.

4 Cf. Michaëlis (1990: I, 669-670 [= LPGP 320]).

5 Cf. Michaëlis (1990: I, 268-269 [= LPGP 922]); Lorenzo Gradín & Marcenaro (2010: 128).

6 Cf. Michaëlis (1990: I, 483-484); Cunha (1999: 121-122); Monteagudo (1984: 317-318).

7 Cf. Lang (1972: 67 [= LPGP 224]) vs. Nunes (1973: 7); Cohen (2003: 588).

636 / 30,32 EstGuar [B621/V222], v. 19⁸:
*a gran coita [que por vós ei, senhor,
me faz perder de mia morte pavor],
que eu sempr'ouv', e, par Deus, mia senhor,
muito me foi de o perder peor!*

668 / 74,4 JNzCam [B653/V254], v. 10⁹:
*Roguei-lh'eu que vos viss'e non quis Deus
que vos vissen aquestes olhos meus,
porque vos non quis [mia madre veer].*

697 / 79,41 JSrzCoe [B682/V284], v. 3¹⁰:
*Oje quer'eu meu amigo veer,
porque mi diz que o non ousarei
veer mia madr', e de pran vee-lo-ei
e quero tod'en ventura meter,
e des i saia per u Deus quiser.*

909 / 143,13 RoiFdz [B907/V494], r1¹¹:
*Quand'eu non podía veer
a senhor do meu coraçon
e de mí, ben cuidav'enton
que podesse coita perder
sol que a viss', e, poi-la vi,
ouv'eu maior coita des i.*

1123 / 122,1 PBard [B1120^{bis}/V712], v. 4¹²:
*Assanhou-s'ó meu amigo
a mí, porque non guisei
como falasse comigo,
Deus-lo sab', e non ousei,
e por én, ...*

8 Cf. Nunes (1972: 226-227); Pagani (1971: 83 [= LPGP 262]).

9 Cf. Tavani (1988: 251 [= LPGP 484]) vs. Nunes (1973: 81); Cohen (2003: 138).

10 Cf. Nunes (1973: 106 [= LPGP 543]); Cohen (2003: 167).

11 Cf. Nunes (1972: 324-325 [= LPGP 899-900]) vs. Arias Freixedo (2010: XI).

12 Cf. Nunes (1973: 320-321 [= LPGP 802]); Cohen (2003: 352).

1158 / 77,7 JServ [B1144^a/V747], v. 3¹³:

Disseron-mi ca se queria ir
o meu amigo porque me ferir
quiso mia **madr'**; e, se m'ante non vir,
achar-s'-á end'el mal se eu poder.

1426 / 79,34 JSrzCoe [V1016], v. 20¹⁴:

e ben vos juro, par Nostro Senhor,
que nunca eu achei [molher] tan grave
come Maria (e ja o provei)
do **Grav'**, e nunca pois molher achei
que a mí fosse de foder tan grave.

1455 / 147,14 RoiPaezRib [B1436/V1046], v. 7¹⁵:

El de fam'e de sede
mata **om'**, e ben sabede
por que o faz.

1496 / 16,14 AiPrzVuit [B1476/V1087], v. 13¹⁶:

[E], com'el sabe d'agoir[ar]ia,
se ouvesse bon corvo carnaçal
ou cornelha ou aguia caudal
atal qual xe Don Gomez oia,
[con] atal lhi leixasse Deus perder
a **erdad'e** o corp'e o aver,
ca todo x'el depois cobraria.

1635 / 24,1 Caldeiron [B1623/V1157], v. 14¹⁷:

ante xe queren sofrer a vergonha
d'aqueste **segr'**, e, polo que máis val,
non pararian os do [E]spital
de melhor mente a lide nen besonha.

13 Cf. Nunes (1973: 343-344 [= LPGP 501] vs. Cohen (2003: 382).

14 Cf. Lapa (1970: 355 [= LPGP 539]); Lopes (2002: 245).

15 Cf. Lapa (1970: 605 [= LPGP 914]); Barbieri (1980: 74); Lopes (2002: 444).

16 Cf. Lapa (1970: 128-129 [= LPGP 136-137]) vs. Lopes (2002: 123).

17 Cf. Lapa (1970: 633-634 [= LPGP 174]); Lopes (2002: 479-480).

Ademais, a revisión do corpus levanta algunhas pasaxes en que a segmentación de *e* liga enunciados cunha segunda parte conclusiva a través de *e por én*, en liña co que acontece normalmente nas cantigas trobadorescas en contextos en que é indubitábel a presenza da copulativa *e* (24.14, 205.6, 240.10, 329.4, 346.10, 375.4, 376.9, 377.4 etc.):

206 / 125,1 PGarBu [B222], v. 14¹⁸:

Ai coitado, con quanto mal me ven
 porque desejo mia **mort'**, **e por én**
 perdi o dormir e perdi o sén.

568 / 25,83 Den [B551/V154], v. 9¹⁹:

Non ficou per vós de mi fazer ben,
 e de Deus ajades bon galardón,
 mais a mia mingua foi **grand'**, **e por én**
 por mercee teede por razón
de mi teer poridade, senbor;
[e eu a vós, ca est'é o melhor.]

E algo moi semellante ocorre coa frase *e vedes por que (non)*, que no corpus, sempre que posíbel, maioritariamente vai introducida pola copulativa, sobre todo no interior de verso (véxase 186.23, 636.3 e 16, 668.2, 1086.4), e que nunha cantiga de Pero d'Armea non foi segmentada nas edicións existentes:

1220 / 121,15 PArm [B1204/V809], v. 16²⁰:

E fez-mi Deus nacer, per bõa fe,
 polo meu mal, [e] er fez-me log'i
 máis fremosa de quantas donas vi,
 e moiro, **madr'**, **e vedes por que é:** / ...

18 Cf. Michaëlis (1990: I, 806); Blasco (1984: 217 [= LPGP 810]); Lopes (2002: 419); Marcenaro (2012b: 319).

19 Cf. Lang (1972: 63-64 [= LPGP 215]) vs. Nunes (1972: 200-201).

20 Cf. Nunes (1973: 390-391 [= LPGP 801]); Cohen (2003: 437); Fernández Campo (2012: 143).

2. Noutro conxunto de textos, a segmentación da conxunción copulativa evita a aparición de oracións xustapostas que isolan sintacticamente os versos (ou partes dun verso) e fragmentan o discurso poético:

5 / 157,28 [B5/L5], v. 15²¹:

Oi nos devemos [a]legrar
deste escudo que Deus aqui
troux', e façamo-lo as[si]: / ...

223 / 43,19 FerGarEsg [A123/B238^{bis}], v. 8²²:

Se vos eu amo máis d'outra molher
nen ca outr'**om'e máis** ca min nen al,
rog'eu a Deus, que muito pod'e val,
que El me dé vosso ben, se quiser.

346 / 157,25 FerGvzSeav/Anón [A210], v. 16²³:

Ben sei que ome sol non m'entende
qual coita sofr', e como coitado
eu viv'oje, ne[n] ést'ome nado
que o **soubess'e** que non fosse ende
maravilhado de como vivo
[en tan gran coita com'oj'eu vivo].

365 / 101,8 MenRdzTen [B397/V7], v. 7²⁴:

... mais, pois de vos veer
[Deus] guisou, ja agora verei
prazer, por quanto pesar vi
des quando m'eu de vós parti
mui **trist'**, e sempre trist'andei
com'omen que con gran pesar
vivo; ...

21 Cf. Michaëlis (1990: I, 636 [= LPGP 984]) vs. Amaral (2006: 76-77).

22 Cf. Michaëlis (1990: I, 252); Spampinato Beretta (1987: 112-113 [= LPGP 298]).

23 Cf. Michaëlis (1990: I, 411-412 [= LPGP 302]).

24 Cf. Michaëlis (1990: I, 872 [= LPGP 669]).

669 / 74,2 JNzCam [B654/V255], v. 8²⁵:

Porque morr'e me quer gran ben de coraçon,
ide vee-lo, mia **madr'**, e guarra enton,
e irei [eu convosco se vós quisedes].

713 / 72,6 JlpzUlh [B698/V299], v. 15²⁶:

Por lhi dar coita por sabe-lo seu
coraçon ben, que eu sabia ja,
m'encobri de máis **sempr'**, e ja sera
mal pera mí, ca mal o per-fiz eu,
*que o tive [sempr'en desden, e non
pod'el saber ren do meu coraçon].*

738 / 36,1 EstTrav [B723/V324], v. 16²⁷:

Chamava-m'el lume dos seus
olhos e seu ben e seu mal,
poi-lo non fazia por al,
que o [eu] **fezess'e**, por Deus,
que lhi perdoasse, ...

808 / 114,22 PaaiGmzCha [B812/V396], r2²⁸:

que Jesu Cristo nunca mi perdon
nen de vós ben nunca me leix'aver
*se eu soubesse que vos prazia
de mia mort'e se log'eu non querría
morrer, senhor, ...*

830 / 120,26 PPon [B833/V419], r1²⁹:

Mia madre, pois se foi d'aqui
o meu amig'e o non vi,
nunca fui leda nen dormi,

25 Cf. Tavani (1988: 252 [= LPGP 483] vs. Nunes (1973: 81-82); Cohen (2003: 139).

26 Cf. Nunes (1973: 118-119 [= LPGP 471]) vs. Cohen (2003: 183).

27 Cf. Nunes (1973: 143-144 [= LPGP 273-274]) vs. Cohen (2003: 210). Na edición de Nunes, a reintegración de *eu* faise despois do verbo, feito que impide a deglutinación da copulativa (*e que o fezesse [eu] por...*).

28 Cf. Nunes (1972: 246-247); Cunha (1999: 110); Monteagudo (1984: 335-336 [= LPGP 722-723]).

29 Cf. Nunes (1973: 218); Panunzio (1992: 65-66 [= LPGP 777]); Juárez Blanquer (1988: 65-66) vs. Cohen (2003: 292).

ben vo-lo juro, des enton,
madr', e el por mí outrossi,
tan coitad'é seu coração!

935 / 142,5 RoiFdz [B932/V520], r1³⁰:
–*Filha, id'e eu vosc'irei.*
–Madre, faredes-m'i amor,
ca non sei quan[do] mi-o [verei].

1257 / 95,9 MartPadr [B1241/V846], v. 3³¹:
Madr', enviou-vo-lo meu amigo
[o]je dizer que vos veeria,
se *ousass'e*, par Santa Maria,
se o vós ante falardes migo.

1268 / 86,6 Lopo [B1252/V857], v. 5³²:
Filha, se ben ajades,
dized'e non mençades.
–*Non mi [dan amores vagar].*

1416 / 60,14 GonEaVinh [V1006], v. 13³³:
mais preguntar-lh'á de que enfermou,
come *maestr'e*, e, se o ben pagou,
non leix'a guarir po-lo el preguntar.

1602 / 28,1 DiePez [B1592/V1124], v. 2³⁴:
Meu senhor arcebispo, and'eu escomungado
porque fiz *lealdad'e* enganou-mi o pecado:
soltade-m', *ai senhor*,
e jurarei, mandado, que seja traedor.

30 Cf. Nunes (1973: 246-247 [= LPGP 786]) vs. Cohen (2003: 333); Arias Freixedo (2010: XXV).

31 Cf. Nunes (1973: 412 [= LPGP 635]) vs. Cohen (2003: 476).

32 Cf. Nunes (1973: 419-420 [= LPGP 587]) vs. Cohen (2003: 486).

33 Cf. Viñez Sánchez (2004: 247 [= LPGP 367]) vs. Lapa (1970: 271-272); Lopes (2002: 177).

34 Cf. Lapa (1970: 162 [= LPGP 244]); Lopes (2002: 137).

Nalgunhas pasaxes, a presenza de *e* por medio da segmentación liga dous adxectivos xustapostos na maioría das edicións:

1429 / 79,10 JSrzCoe [V1019], v. 15³⁵:
E ben sería meu mal e meu dano,
per bõa fe, e mia meosventura
e meu pecado **grav'e** sen mesura,
pois que eu con atal molher casasse.

1559 / 25,33 Den [B1540], v. 15³⁶:
e jaz ora o astroso
mui **doent'e** mui nojoso
e con medo per si caga.

1672 / 116,8 PAmigo [B1660/V1194], v. 14³⁷:
e, por molher tan guardada, ficar
vos vej[lo] eu **prob'e** sen-conhocer.

Nalgún caso, é a fraseoloxía a que esixe a presenza de *e*, como acontece na frase opositiva *e non al* (tamén *ca non al*), que se constrúe sempre coa copulativa no corpus trobadoresco (véxanse 87.22, 170.5, 491.35, 605.3 etc.).

599 / 25,91 Den [B582/V185], v. 13³⁸:
Mia morte quisestes, **madr'**, e non al,
quand'aguisastes que per nulha ren
eu non viss'o meu amig'e meu ben.

35 Cf. Lapa (1970: 359 [= LPGP 529]); Lopes (2002: 248).

36 Cf. Lang (1972: 105-106); Lapa (1970: 157-158); Gonçalves (2016: 208 [= LPGP 191-192]) vs. Lopes (2002: 489).

37 Cf. Marroni (1968: 305-306 [= LPGP 737]) vs. Lapa (1970: 465-466); Lopes (2002: 341-342).

38 Cf. Lang (1972: 86 [= LPGP 219]) vs. Nunes (1973: 34-35); Cohen (2003: 618).

3. Noutros contextos, a conxunción copulativa evita frases parentéticas no seo da cantiga, contribuíndo á necesaria fluidez discursiva³⁹:

655 / 2,20 (= 115,9) PaaiSrZTav [B640/V241; B827/V413], v. 9⁴⁰:

Quando se foi, fez-me preito
que se verria mui cedo
e mentiu-**m'e** tort'á feito,
e, pois de min non á medo,
*nunca me por el [rogedes,
ai donas, fe que devedes!]*

715 / 72,7 JlpzUlh [B700/V301], v. 5⁴¹:

E cuid'en esto **sempr'e** non sei que de mí seja:
el, que tan muito tarda, se outro ben deseja
*ergo o meu, [querria
morrer o'este dia].*

1185 / 85,14 JuBol [B1168/V774], v. 4⁴²:

Atendamos, ai **madr', e** sempre vos querei ben,
ca vejo viir barcas e tenho que i ven,
mia madre, o [meu amigo].

1330 / 30,9 EstGuar [B1313/V918], v. 2⁴³:

Dis[s]'oj'el-Rei: "Pois Don Foão máis val
seendo **pobr'e** o gran ben fazer
que lh'eu fiz sempre o faz ensandecer,
se m'el ben quer, meus amigos, en tal
*que me queira ja mal, mal[l] lbi farei
padecer e desensandece-l'-ei.*

39 Como case sempre, achamos casos en que é realmente difícil unha decisión a respecto da segmentación. Véxase 1113.13-14 e a posibilidade de segmentación: *Preguntan-me, non sei en qual razon, / que lhis diga quen ést'a que loei vs. Preguntan-m', e non sei en qual razon, / que lhis diga quen ést'a que loei.*

40 Recollemos só as referencias daquelas edicións que establecen o texto da cantiga considerando a dupla transmisión ou, tamén, sobre a primeira versión, a que permite a segmentación: Nunes (1973: 70-71); Vallín (1995: 261 [= LPGP 731]); Cohen (2003: 125).

41 Cf. Nunes (1973: 120-121 [= LPGP 472]); Cohen (2003: 185).

42 Cf. Nunes (1973: 359 [= LPGP 581]); Reali (1964: 29-30); Cohen (2003: 402).

43 Cf. Lapa (1970: 182 [= LPGP 250]); Pagani (1971: 128); Lopes (2002: 508).

1501 / 16,13 AiPrzVuit [B1481/V1092], v. 9⁴⁴:

E se vós de trobar sabor avedes,
aqui **trobad'e** faredes i sén

4. Existe tamén un grupo de contextos en que a segmentación da conxunción modifica a sintaxe (eventualmente, tamén a puntuación) e/ou a interpretación dun período, ao tempo que, en xeral, muda a función dalgunha partícula gramatical. Vexamos algúns exemplos⁴⁵.

Nunha cantiga de Don Denis, todos os editores a partir de Lang (1972: 68-69 [= LPGP 221]) presentan un texto con xustaposición sintáctica e disposición simétrica da expresión (Nunes 1973: 8-9; Cohen 2003: 590):

574 / 25,95 Den [B557/V160], vv. 14-15:

E que vos verdade diga:
el **seve** muito chorando,
er **seve** por mi jurando
u m'agora sej', amiga,
que logo m'enviaria
mandad'ou s'ar tornaria.

No entanto, a segmentación dunha copulativa evita esa xustaposición ao tempo que liga as dúas formas verbais *seve* e relaciona semanticamente os xerundios *chorando* e *jurando*:

E, que vos verdade diga,
el **sev'e** muito chorando
er **seve** por mí jurando
u m'agora sej', amiga,
que logo m'enviaria
manda[d'ou s'ar tornaria].

44 Cf. Lapa (1970: 137-138 [= LPGP 136]); Lopes (2002: 129); Correia (2016: 75-77).

45 Cando aludimos a varias edicións para un mesmo texto, este é aquí citado a partir da edición que foi considerada de referencia en LPGP.

De teor fundamentalmente interpretativo é a decisión editorial de non segmentar, talvez por inadvertencia, a copulativa nun texto de Nun'Eanes Cerzeo, que na súa edición clásica, a de Carolina Michaëlis (1990: I, 754-755 [=LPGP 682-683]), presenta unha puntuación discutíbel, continuada na última edición do cancionero do trovador (González 2018: 93):

103 / 104,11 NuEaCer [B130], v. 16:

Estranho and'eu dos que me queren ben,
e dos que viven migo, todavia;
ben como se os viss'eu aquel dia
primeiramente, punho de lhis fogir.

Ora ben, coa segmentación da copulativa no adverbio ligamos *visse primeiramente a entranb'ando* (v. 13), e o texto adquire unha outra lóxica (o trovador anda *estranho* dos amigos e achegados, como se fosen descoñecidos vistos por vez primeira, e tenta fuxir deles):

Estranho and'eu dos que me queren ben
e dos que viven migo t[old]a via,
ben como se os viss'eu aquel dia
primeirament', e punho de lhis fogir;
e moir'eu, senhor, por me deles partir
[el] por en vós cuidar, ca non por outra ren.

Outrosí, tamén é interpretativo o problema levantado nunha cantiga de Charinho a partir da edición de Nunes (1972: 251-252) e Monteagudo (1984: 345-346 [= LPGP 718]), que, fronte ao texto editado por Cunha (1999: 113), deixan *mias coitas* sen un estatuto sintáctico-semántico claro:

810 / 114,15 PaaiGmzCha [B814-815/V398], v. 8:

Mui fremosa, qu' eu por meu mal vi,
sempre mhas coitas, par Deus, ca non al,
meu corazón, e meu ben, e meu mal,

dizédemi, por quanto vos serví,
se mi queredes algún ben fazer;
se non, iamays non vos poss' atender.

Porén, se se liga *sempre* a *vi* (v. 7) e se considera *mias coitas* como un apelativo da *senhor*, en paralelo con *mui fremosa* (v. 7) e *meu coraçon e meu ben e meu mal* (v. 9), o texto adquire maior sentido. É por isto que convén segmentar a copulativa que une *Mui fremosa* con *mias coitas* e resólvese a incoherencia sintáctico-semántica. Así, no texto prodúcese unha situación similar á dos vv. 1-3 do inicio da cantiga (*senhor e meu lum'e meu ben, / e mias coitas e meu mui grand'afan / e meus cuidados...*), semellante á detectada noutra cantiga do mesmo trobador (804 [B814-815/V398], vv. 1-2), onde *mias coitas e meu mui grand'afan / e meus cuidados* é tamén invocación paralela a *senhor e meu lum'e meu ben*:

Mui fremosa, que eu por meu mal vi
sempr', e mias coitas, por Deus, ca non al,
 meu coraçon e meu ben e meu mal,
 dizede-mi, por quanto vos servi,
se mi [queredes algun ben fazer;
se non, ja máis non vos poss'atender].

Tamén nunha cantiga de Calheiros, a edición de Michaëlis (1990: I, 686-687 [= LPGP 323]) non resolve acaidamente a primeira estrofa, ficando, ademais, xustapostas as conxuncións *porque* e *pois*:

35 / 47,21 FerRdzCalh [B61], v. 5

Par Deus, senhor, mui mal me per matou,
 quando vos eu primeiramente vi,
 o que vos agora guarda de mi,
 porque vos enton de mi non guardou
 que vos non **visse**, pois ora non quer
 que vos veja, quando m' é mais mester,
 mia senhor fremosa, de vos veer.

Nótese como a conxunción causal *pois* depende de *guardou* (v. 4): a segmentación de *e* en *viss'e* resolve o problema intepretativo ao pór nun mesmo plano as dúas causais *pois* (v. 5) e *porque* (v. 4):

Par Deus, senhor, mui mal me per-matou,
quando vos eu primeiramente vi,
o que vos agora guarda de mí,
porque vos enton de mí non guardou
que vos non **viss'e** pois ora non quer
que vos veja, quando m'é máis mester,
mia senhor fremosa, de vos veer.

Noutras cantigas, a segmentación da copulativa fai mudar de condición a partícula *que*. É o que acontece nunha composición de Fernan Garcia Esgaravunha, editada por Michaëlis (1990: I, 254) e Spampinato Beretta (1987: 118-119 [= LPGP 290]):

225 / 43,3 FerGarEsg [A125/B240], v. 2:
Des oge mais ja senpr'eu rogarei
Deus por mia **morte**, se mi-a dar quiser',
que mi-a dê cedo; ca m'é mui mester
senhor fremosa, ...

O período presenta certa incoherencia sintáctica que obriga a unha forzada consideración de *que* como conxunción final; ora ben, coa segmentación da copulativa, reconvértese *que* en conxunción completiva dependente de *rogarei*:

Des oje-mais ja sempr' eu rogarei
Deus por mia **mort' e**, se mi-a dar quiser,
que mi-a dé cedo, ca m' é mui mester,
senhor fremosa, ...

Algo semellante acontece nunha cantiga de Lopo, onde tamén *que* (v. 7) funcionaba como conxunción final na edición de Nunes (1972: 497-498 [= LPGP 587]):

1115 / 86,7 Lopo [B1113/V704], v. 6:
ca non será tan pequena sazon
que sen vós **more**, se Deus mi perdon,
que mi non seja muy grand', elu] o sey.

Mais coa segmentación de *e* en *more*, a conxunción liga os dous *que* dos vv. 6 e 7, agora coa mesma función sintáctica:

ca non sera tan pequena sazon
que sen vós **mor'e**, se Deus mi perdon,
que mi non seja mui grand', e o sei.

Nunha cantiga de Joan de Gaia, a partícula modificada é *pois*, nun contexto que na edición de Nunes (1972: 523-524 [= LPGP 430-31]) non resulta convincente canto ao sentido, a pesar da desnecesaria corrección efectuada no v. 7:

1468 / 66,5 JGaia [B1449/V1059], v. 8:
... ca sey **eu** quem
viver **podesse**, poys non ousass' ir
hu est' aquela que sa vida ten
en seu poder e seu bem e seu mal.

Coa segmentación agora proposta, *pois* pasa de conxunción causal a adverbio temporal, sen precisar omisión do adverbio *non* de BV no v. 7:

Se eu, amigos, u é mia sen[h]lor
viver ousasse, por tod'outro ben
que Deus no mundo a outro pecador
fazer quisess'eu ja per boa fe
ren non daría, mais, pois assi é
e que non ous'i a viver, conven

que moir[al], amigos, ca **non** sei quen
viver **podess'e** pois non ousass'ir
u ést'aquela que sa vida ten
en seu poder e seu ben e seu mal.

Con todo, na maior parte das veces o elemento modificado funcionalmente coa introdución de *e é mais*, pasando, co novo texto proposto, de conxunción adversativa a adverbio de cantidade. Véxase unha primeira pasaxe de Roi Queimado que presenta a adversativa *mais* nas edicións críticas de Michaëlis (1990: I, 281-282 [= LPGP 919]) e Lorenzo Gradín & Marcenaro (2010: 182-183):

245 / 148,3 RoiQuei [A139/B260], r2:
E pero que lhe quero tan gran ben,
ainda lh'eu mui melhor querria...
se podesse... mais non poderia!

Se segmentarmos *podesse*, automaticamente a introdución de *e* muda a consideración de *mais*, que haberá de ser interpretada como adverbio de cantidade, máis coherente co contido da composición:

De mia senhor direi-vos que mi aven:
porque a vejo mui ben parecer,
tal ben lhe quer'onde coid'a morrer;
e, pero que lhe quero tan gran ben,
ainda lh'eu mui melhor querria
se podess', e máis non poderia,

ca lhe quero tan gran ben que perdi
ja o dormir, ...

Noutra cantiga de Vasco Perez Pardal detéctase unha situación moi semellante á anterior nas edicións do texto en Lapa (1970: 620), Majorano (1979: 137 [= LPGP 970-971]) e Lopes (2002: 458):

1524 / 154,13 VaPrzPard [B1505], v. 18:
..., ca min dizen que non
pode guarir, sen maestre Simhon
o non **guarisse**, **mays** vus én diria
tal: hi non pode nulha ren prestar.

Aínda recoñecendo a posibilidade de manter *mais* como conxunción adversativa, a proliferación no corpus das frases do tipo *e máis vos én direi* (vid. 260.17, 902.10, 951.4, 998.7, 1197.18, 1273.10, 1422.16, 1598.19, 1675.13) e a aparición no corpus de *e máis vos én diria* (1398.9) condiciona unha outra fixación textual⁴⁶:

E pesa-m'ende, par Santa Maria,
d'este seu mal, ca min dizen que non
pode garantir, se maestre Simion
o non **guariss**'; **e máis** vos én diria
ca lhi non pode nulha ren prestar,
se lh'o maestre non aventurar
o corpo, ca x'á mui gran maloutia.

Nun texto de Estevan da Guarda, todas as edicións (Lapa 1970: 175-176 [= LPGP 260]; Pagani 1971: 116-117⁴⁷; Lopes 2002: 502-503) parten do suposto do significado 'gabar-se' para *atrever-se*, non documentado, cos datos de que dispomos, en textos antigos nin modernos; e, por outra parte, o verso presenta unha anómala construción de *atrever-se* introducindo directamente unha oración con función de CD, fronte á súa constante aparición das preposicións *a*, *de* e *en* nestes casos (vid., por exemplo, 3.8 *pois que me de viver atrevi / sen na veer én*; 20.8 *Coita, de pran, ja eu non perderei / e non m'atrevo sen vós a garantir!*; 135.10 *Ca m'atrev'eu en vos amar*):

1326 / 30,28 EstGuar [B1309/V914], v. 17:
Non entendas que fazes i cordura
d'ires assi come torpe entençar
atrevido-**te** que sabes trobar,
ante metes i teu feito en ventura.

⁴⁶ No v. 19 a lectura *tal: bi* responde, é certo, á literalidade da lección manuscrita <Talhi>, mais esta suxire unha suma de *ca* (co frecuentísimo erro <t>/<c>) e *lbi*.

⁴⁷ Walter Pagani non introduce ningún tipo de nota ou aclaración, razón que fai supor a súa concordancia coas explicacións de Lapa.

Coidamos que se pode restaurar a semántica habitual de *atrever-se*, como verbo reflexivo, por medio dunha segmentación da copulativa en *t'e* que semella resolver os problemas semántico-sintácticos do texto, ao ligar os verbos *fazes* (v. 15) e *sabes* (v. 17), ambos os dous dependentes de *entendas* (v. 15):

Non entendas que fazes i cordura
d'ires as[s]i come torpe entençar
atreveno-t'e que sabes trobar,
ante metes i teu feito en ventura.

Finalmente, rexístrase unha outra pasaxe en que a segmentación de *e* ten consecuencias máis profundas. O texto da cantiga na edición de Lapa (1970: 340-341 [= LPGP 490]), seguida por Lopes (2002: 230-231), presenta a seguinte versión:

1419 / 75,8 JPrzAv/79,29 [V1009], v. 11:
por que bebe muit', eu [o] sei;
e **come fode**, pois, falar
non pode; ...

A segmentación de *e* en *come* e mais en *fode* dota de sentido a pasaxe e obriga a transformar *come*, conxunción na edición de Manuel Rodrigues Lapa, na correspondente forma do verbo *comer*, esixido polo sentido do texto, ao tempo que *pois* pasa a ser conxunción causal:

-Joan Perez, eu vos direi
por que o faz, a meu cuidar:
porque bebe muit' -e o sei-
e **com'e fod'e** pois falar
non pode; ...

A variada casuística en que intervéen a conxunción copulativa *e* confirma a importancia da actuación editorial a res-

pecto da segmentación en xeral, e tamén da segmentación da copulativa, que pode ser transcendente para contarmos cun texto crítico que supere as dificultades editoriais xeradas por uns manuscritos por veces inzados de erros que son produto dunha transmisión problemática e afastada das terras que xeraron as cantigas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Amaral, A. (2006). “Os lais de Bretanha. Uma proposta de edição crítica”, *Revista da Faculdade de Letras – Línguas e Literaturas*, II Série, XXIII, 49-78.
- Arias Freixedo, X. B. (2010). *As cantigas de Roi Fernandiz de Santiago*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Barbieri, M. (1980). “Le poesie di Roy Paez de Ribela”, *Studi Mediolatini e Volgari*, XXVII, 7-104.
- Blasco, P. (1984). *Les chansons de Pero Garcia Burgalês*. Paris: Fondation Calouste Gulbenkian – Centre Culturel Portugais.
- Cancioneiro da Ajuda* (1994). Edição Fac-similada do código existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa, Edições Távola Redonda.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991 (1982). Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)* (1973). Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura.
- Cohen, R. (2003). *500 Cantigas d’ Amigo*. Edição crítica / Critical edition. Porto: Campo das Letras.
- Correia, Â. (2016). *Ama. A Importância de um Nome no Conhecimento sobre os Trovadores Medievais Galego-Portugueses*. Lisboa: Bibliotrónica Portuguesa.

Dispoñíbel en <<http://www.bibliotronicaportuguesa.pt/originais/>>

Cunha, C. Ferreira da (1999) [1945]. *O Cancioneiro de Paay Gómez Charinho. Trovador do século XIII*. En Gonçalves, E. (ed.), *Cancioneiros dos Trovadores do Mar*, 33-147. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda.

D'Heur, J. M. (1975). *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècle): contribution à l'étude du "corpus des troubadours"*. Liège: Université de Liège.

Fernández Campo, F. (2012). *As cantigas de Pero d' Armea. Edición crítica e estudo*. Tese de Doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñíbel en: <https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/6121/rep_259.pdf?sequence=1>

Ferreiro, M. (2012). "Do manuscrito á edición: consideracións sobre a segmentación textual na poesía profana galego-portuguesa". En Lorenzo Gradín, P., & Marcenaro, S. (eds.), *El texto medieval: De la edición a la interpretación*, 135-158. Anexo 68 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Ferreiro, Manuel (2014a). "Lección manuscrita e crítica do texto: en torno á segmentación das cadeas gráficas na poesía profana galego-portuguesa", *Revista de Literatura Medieval*, 26, 163-190.

Ferreiro, Manuel (2014b). "Elementos para unha revisión textual das cantigas trobadorescas: sobre a segmentación de 'o' e 'a'", *Estudos de Lingüística Galega*, 6, 81-115.

Ferreiro, Manuel (2016). "Materiais para unha revisión crítica da segmentación de *é* no texto das cantigas profanas galego-portuguesas". En Sanchez Rei, X. M. &

- Marques, M. A. (orgs.), *As Ciências da Linguagem no Espaço Galego-Português. Diversidade e Convergência*, 39-64. Braga: Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho / Edições Húmus.
- Ferreiro, M., & Martínez Pereiro, C. P., & Tato Fontaíña, L. (eds.) (2007). *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Gonçalves, E. (2016) [1991]. “Poesia de Rei: Três Notas Dionisinas”. En João Dionísio, J., & Monteagudo, H., & Ramos, M. A. (eds.), *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*, 147-218. A Coruña: Real Academia Galega.
- González, D. (2018). *El arte de trovar de amor. Nuno Eanes Cerzeo y su producción poética*. Edición y estudio de D. González. Estudio biográfico de J. A. Souto Cabo. Alessandria: Edizioni dell’Orso.
- Indini, M. L. (ed.) (1978). Bernal de Bonaval, *Poesie*. Bari: Adriatica Editrice.
- Juárez Blanquer, A. (1988). *Cancionero de Pero da Ponte*. Granada: Ediciones TAT.
- Lang, H.R. (1972) [1894]. *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal*. Hildesheim - New York: Georg Olms Verlag.
- Lapa, M. Rodrigues (1970) [1965]. *Cantigas d’Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*. Vigo: Galaxia.
- Lopes, G. Videira (2002). *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*. Lisboa: Estampa.
- Lorenzo Gradín, P. & Marcenaro, S. (2010). *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*. Alessandria: Edizioni dell’Orso.

- LPGP = Brea, M. (coord.) (1996). *Lírica profana galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Majorano, M. (1979). *Il canzoniere di Vasco Perez Pardal*. Bari: Adriatica Editrice.
- Marcenaro, S. (ed.) (2012). Pero Garcia Burgales, *Canzoniere. Poesie d'amore, d'amico e di scherno*. Alessandria: Edizione dell'Orso.
- Marroni, G. (1968). "Le poesie di Pedr' Amigo de Sevilha", *Annali dell'Istituto Universitario Orientale*, X: 189-340.
- Michaëlis de Vasconcellos, C. (1990) [1904]. *Cancioneiro da Ajuda*. Lisboa, Imprensa Nacional – Casa da Moeda.
- Monteagudo Romero, E. (1984). "Apéndice I. Textos e notas". En Armando Cotarelo Valledor, *Cancionero de Payo Gómez Chariño, almirante y poeta (siglo XIII)*, 305-381. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia].
- Montero Santalla, J.-M. (2000). *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, Tese de Doutoramento (inérita). A Coruña: Universidade da Coruña.
- Nunes, J. J. (1972). *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- Nunes, J. J. (1973) [1926-28]. *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- Pagani, W. (1971). "Il Canzoniere di Estevan da Guarda", *Studi Mediolatini e Volgari*, XIX, 53-179.
- Panunzio, S. (ed.) (1992) [1967]. Pero da Ponte, *Poesías*. Vigo: Galaxia.
- Piccat, M. (1995). *Il canzoniere di Don Vasco Gil*. Bari: Adriatica Editrice.

- Reali, E. (1964). *Le “cantigas” di Juyão Boleyro*. Napoli: Pubblicazioni de la Sezione Romanza dell’Istituto Universitario Orientale.
- Spampinato Beretta, M. (ed.) (1987). Fernan Garcia Esgaravunha, *Canzoniere*. Napoli: Liguori Editore.
- Stegagno Picchio, L. (ed.) (1968). Martin Moya, *Le poesie*. Roma: Edizioni dell’Ateneo.
- Tavani, G. (1967). *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell’Ateneo.
- Tavani, G. (1988) [1960]. “Elementos narrativos e dramáticos no cancionero de Johan Nunez Camanez”. En Tavani, G., *Ensaio Portugueses. Filologia e Linguística*, 244-257. Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda.
- Vallín, Gema (1995). *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós. Estudio histórico y edición*. Barcelona: Facultad de Letras – Universidad Autónoma de Barcelona.
- Víñez Sánchez, A. (2004). *El trovador Gonçal’Eanes Dovinbal. Estudio histórico y edición*. Anexo 55 de Verba. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.